

**Fundación Olga Gallego**

Padroado da Fundación Olga Gallego  
CIF : G70402698

**2015**



# Memoria abreviada anual ejercicio de 2015

O secretario

Visto e prace:  
O presidente

# FUNDACIÓN OLGA GALLEGO

---

O secretario

Visto e prace: o presidente

## Contido

1.	ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN .....	3
1.1.	Constitución .....	3
1.2.	Interese cultural.....	3
1.3.	Padroado.....	3
1.4.	Fins .....	3
1.5.	Actividades.....	4
1.5.1.	Presentación pública da fundación .....	4
1.5.2.	Difusión da Fundación na Rede. ....	5
1.5.3.	Organización do I Premio Olga Gallego de Arquivos. ....	6
1.5.4.	Organización das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos.....	6
1.5.5.	Outras actividades .....	7
1.6.	Sede da Fundación .....	8
2.	BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS.....	8
3.	EXCEDENTE DO EXERCICIO.....	9
3.1.	As principais partidas que forman o excedente do exercicio e os seus aspectos significativos son:.....	9
3.2.	Proposta de aplicación do excedente:.....	9
4.	NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN .....	9
5.	INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.....	10
5.1.	Movemento: .....	10
9.	FONDOS PROPIOS .....	11
10.	SITUACIÓN FISCAL.....	11
10.1.	Imposto sobre beneficios.....	11
10.2.	Outros tributos.....	11
11.	INGRESOS E GASTOS .....	11
12.	SUBVENCIÓN, DOAZÓN E LEGADOS.....	11
15.	OUTRA INFORMACIÓN.....	12

## **1. ACTIVIDADE DA FUNDACIÓN.**

### **1.1. Constitución**

A Fundación Olga Gallego constituíuse na Coruña o día 24 de febreiro de 2014 por escritura pública outorgada perante o notario don José Manuel Lois Ponte, do Ilustre Colexio de Galicia, por dona Pilar Gallego Domínguez, irmá de Olga, e don Pedro López Gómez, que é presidente vitalicio dela.

### **1.2. Interese cultural**

A Fundación foi clasificada de interese cultural para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, adscribíndoa ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por Orde do 28 de maio de 2014 (DOG núm. 118 do 23 de xuño de 2014). Por Resolución do 30 de xuño de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declarouse de interese galego e ordenouse a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Fundación Olga Gallego (DOG núm. 132, do 14 de xullo de 2014).

### **1.3. Padroado**

De acordo co artigo 12 dos seus Estatutos, a Fundación está composta por un padroado, constituído polas seguintes persoas:

Dª Pilar Gallego Domínguez. Presidenta honoraria.  
D. Pedro López Gómez. Presidente.  
Dª María Dolores Pereira Oliveira. Vicepresidenta.  
D. Gabriel Quiroga Barro. Secretario.  
Dª Isabel Buján Bernárdez. Vogal. Representante da Asociación de Arquiveiros, Bibliotecarios, Documentalistas e Museólogos de Galicia (BAMAD-GALICIA).  
Dª María del Mar García Miraz. Vogal  
Dª Olimpia López Rodríguez. Vogal  
Dª Minia Martul Tobío. Vogal honoraria.

### **1.4. Fins**

A fundación, segundo se establece no artigo 6 dos seus estatutos, ten como fins:

1. A protección, defensa e fomento dos Arquivos e do Patrimonio documental de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.

2. O fomento da investigación sobre Arquivos e documentos de Galicia e de interese para Galicia, e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.
3. O fomento e estudo da Arquivística.
4. O fomento da formación dos profesionais dos arquivos.
5. Para a consecución destes fins, e de acordo co artigo 7 dos seus Estatutos, que constan anexos á escritura fundacional, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:
  - a) Organizar congresos, xornadas, exposicións e certames sobre temas de interese para os arquivos e para os profesionais dos arquivos.
  - b) Organizar conferencias, seminarios e outras actividades encamiñadas á difusión e ao coñecemento dos arquivos e do patrimonio documental
  - c) Establecer comisións e grupos de traballo que realicen investigacións, estudos, enquisas e proxectos relacionados cos arquivos e os profesionais dos arquivos.
  - d) Favorecer a investigación científica e técnica sobre arquivística, arquivos e documentos.
  - e) Organizar premios de investigación en materia de protección, fomento e defensa do patrimonio documental, ou calquera outro aspecto relacionado coa arquivística e os arquivos.
  - f) Editar traballos sobre arquivos e patrimonio documental
  - g) Organizar cursos e outras actividades formativas relacionadas coa arquivística e cos arquivos.
  - h) Crear canles de comunicación con institucións relacionadas cos arquivos e cos profesionais dos arquivos
  - i) Así como calquera outra actividade de natureza análoga ás anteriores

## 1.5. Actividades

De acordo co plan de actividades aprobado na xuntanza do 6 de marzo de 2015, as previstas para ese ano foron as seguintes: 1. Difusión da Fundación na rede, 2. Creación do Premio Olga Gallego sobre investigación arquivística e 3. Preparación das I Xornadas de arquivos Olga Gallego. Realizáronse ademais outras actividades de carácter institucional.

### 1.5.1. Presentación pública da fundación

O día 8 de xuño, véspera do Día Internacional dos Arquivos, presentouse publicamente a fundación. Ao acto asistiron os membros do padroado, ademais doutros profesionais, amigas e amigos.

Falou en primeiro lugar Pilar Gallego Domínguez, presidenta de honor e fundadora, quen glosou a figura da súa irmá, Olga, e explicou os motivos que a impulsaron a crear a Fundación. A continuación, Pedro López, presidente, explicou brevemente os fins que persegue esta entidade, as xestións realizadas desde a formalización da escritura pública de creación e as actividades programadas para os próximos meses.

### **1.5.2. Difusión da Fundación na Rede.**

O día da presentación pública da fundación, presentouse tamén o seu portal web. A creación do portal, accesible na rede no enderezo: [www.fundacionolgagallego.gal](http://www.fundacionolgagallego.gal), levou aparellados:

1. A creación e rexistro do dominio
2. A creación de dúas contas de correo electrónico: [contacto@fundacionolgagallego.gal](mailto:contacto@fundacionolgagallego.gal) (substituída máis tarde por: [fundacion@fundacionolgagallego.gal](mailto:fundacion@fundacionolgagallego.gal)),  
e [secretariatecnica@fundacionolgagallego.gal](mailto:secretariatecnica@fundacionolgagallego.gal)

A estrutura do portal web é a seguinte:

1. Inicio
2. Olga Gallego
  - 2.1. Biografía
  - 2.2. Galería de fotos
  - 2.3. Publicacións de Olga Gallego
  - 2.4. Publicacións sobre Olga Gallego
3. Fundación
  - 3.1. Que é a fundación
  - 3.2. Pilar Gallego
  - 3.3. Padroado
  - 3.4. Compromiso ético
  - 3.5. Documentos
4. Actividades
  - 4.1. Premio de investigación
  - 4.2. Xornadas de arquivos
5. Novas
  - 5.1. Novas
  - 5.2. Arquivo de novas
6. Ligazóns

O Arquivo de novas rexistra 27 noticias publicadas ao longo do ano 2015, relacionadas coa Fundación ou con outras asociacións ou entidades afins

### **1.5.3. Organización do I Premio Olga Gallego de Arquivos.**

Tal e como estaba previsto, o día 8 de xuño convocouse o I Premio Olga Gallego de Arquivos a través da páxina web da Fundación. O 24 dese mes, anunciouse tamén no foro de debate na rede de temas arquivísticos *Arxiforum* (<https://www.rediris.es/list/info/arxiforum.html>) e mediante un correo electrónico masivo a facultades e escolas universitarias de Arquivística de España, Portugal e Iberoamérica (o 24 de xuño).

Constituíron o xurado previsto nas bases do premio: M<sup>a</sup> Jesús Álvarez Coca, arqueira no *Archivo Histórico Nacional* (Madrid); Beatriz Díaz Vázquez, arqueira municipal de Oleiros (A Coruña); Luís Martínez García, na actualidade director-xerente do *Archivo General de Castilla-La Mancha*; Manuel Real, arqueiro xubilado do Arquivo da Cámara Municipal do Porto, e Eduardo Santamarina Gallo, arqueiro do *Archivo General de Simancas* (Valladolid).

Presentáronse nove traballos de titulados universitarios de Galicia, doutros puntos da xeografía española e de Portugal. De acordo coas bases da convocatoria, o xurado deu a coñecer a persoa gañadora do premio o día 8 de decembro. Resultou ser Ana Margarida Dias da Silva, licenciada en Historia pola Universidade de Coimbra e mestra en Ciencias da Documentación e mestra en Historia pola Universidade Nova de Lisboa. O título do seu traballo é: *O uso da Internet e da Web 2.0 na difusão e acceso à información arquivística: o caso dos arquivos municipais portugueses*.

Obtiveron mencións honoríficas:

- Andrea Rovira Bordona, licenciada en Historia pola Universidade Autónoma de Barcelona e graduada superior en Arquivística e Xestión de Documentos pola Escola Superior de Arquivística e Xestión de Documentos (Barcelona). O título do seu traballo é: *El sistema de gestión documenal actual adaptado a la realidad de los archivos del Próximo Oriente antiguo*.
- Catarina Serafim, licenciada en Linguas e Línguas e Literaturas Modernas da Universidade de Lisboa e mestra en Ciencias da Información e a Documentación da Universidade de Lisboa. O título do seu traballo é: *Os arquivos de músicos: uma abordagem à luz do arquivo pessoal de Alfredo Keil*.

Todos os traballos áchanse publicados na páxina web da fundación.

### **1.5.4. Organización das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos.**

As I Xornadas Olga Gallego de Arquivos tiveron lugar na sede do Rectorado da Universidade da Coruña os días 2 e 3 de outubro de 2015 baixo o título *Transparencia versus corrupción: os arquivos e a democracia*. Asistiron un total de 47 persoas, das que 29 eran inscritos e o resto, membros do comité organizador e invitados.

As xornadas contaron con cinco relatores principais: Carlos Amoedo Souto (catedrático de Dereito administrativo da Universidade de Santiago), Severiano Fernández Ramos

(catedrático de Dereito administrativo da Universidade de Cádiz), Daniel de Ocaña Lacal (arquiveiro do Tribunal Constitucional), Elena Rivas Palá (arquiveira municipal de Zaragoza) e Javier Barbadillo Alonso (arquiveiro municipal de Guadalajara). Presentáronse ademais cinco comunicacións por parte de José Luis Mínguez Goyanes, Anahí Casasdesús de Mingo, Alfredo Romero Gallardo e Ángel Arcay Barral).

O comité organizador, integrado polos membros do Padroado da Fundación, contou coa colaboración da empresa When&Where, contratada para o efecto; da Universidade da Coruña, coa que se asinara previamente un convenio marco de colaboración, e o patrocinio da empresa *Datalib Servicios Documentales, S.L.*

Posteriormente, xa no ano 2016, os relatorios e as comunicacións publicáronse de forma unitaria na páxina web da fundación por medio das *Actas das I Xornadas Olga Gallego de Arquivos*.

#### **1.5.5. Outras actividades**

A fundación desenvolveu ademais unha intensa actividade institucional que se plasmou na negociación e posterior sinatura de convenios marco de colaboración con outras institucións ou entidades. Foron estas a Universidade da Coruña e o Grupo Marcelo Macías de Colaboradores do Museo e do Arquivo Provinciais de Ourense.

O convenio marco de colaboración coa Universidade da Coruña asinouse o 1 de xullo de 2015 e ten unha duración de catro anos. Contempla o fomento do intercambio de información, experiencias e de persoal nos campos da docencia, a investigación e a cultura en xeral, no ámbito dos arquivos e do patrimonio documental e de Galicia e de interese para Galicia e doutros territorios con vínculos culturais coa nosa comunidade como América e Portugal.

Para cumplir estes obxectivos, enúncianse as seguintes modalidades de cooperación:

- a) Facilitar o intercambio por tempo limitado de profesionais, profesores e investigadores.
- b) Favorecer a participación en proxectos e programas de investigación bilaterais ou multilaterais.
- c) Cooperar en xornadas de divulgación, congresos e programas de formación de persoal asistencial, investigador e/ou técnico.
- d) Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas entidades.
- e) Intercambio recíproco de libros, publicacións e outros materiais de investigación e docencia sempre que non haxa compromisos que o impidan.
- f) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúan o obxecto do acordo.

O convenio co Grupo Marcelo Macías de Colaboradores do Museo e Arquivo (GMMCMAPOU) provinciais de Ourense asinouse o 28 de outubro do 2015. Elevouse a escritura pública na mesma data. Ten unha duración de 10 anos.

Este convenio enuncia uns obxectivos semellantes ao que se asinou coa Universidade da Coruña. Canto ás modalidades de colaboración, sinálase de forma expresa a edición do *Boletín Auriense*, publicación periódica de carácter científico do GMMCMAPOU e as súas series complementarias por parte do grupo, para o que poderá dispoñer dos recursos asignados para o efecto pola fundación, quen poderá incluír entre elas as que propoña.

Ademais, ambas as dúas entidades comprométense a colaborar no desenvolvemento de actividades culturais de carácter semellante ás enunciadas no caso do convenio asinado coa Universidade da Coruña.

En ambos os dous casos, os convenios marcos deben plasmarse en acordos específicos, de carácter anual no caso do GMMCMAPOU.

## **1.6. Sede da Fundación**

A fundación ten o seu domicilio na rúa Rosalía de Castro, 13, Baixo. 15004. A Coruña

## **2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS**

a) Imaxe fiel:

As contas anuais reflictan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da fundación.

b) Principios contables non obligatorios aplicados:

Aplicáronse, en todo caso, os principios contables obligatorios.

c) Comparación da información:

Aínda que este ano non é o da constitución si e o primeiro ano de actividade da Fundación, por ese motivo, non se pode establecer unha comparativa cos datos do exercicio anterior.

### **3. EXCEDENTE DO EXERCICIO**

#### **3.1. As principais partidas que forman o excedente do exercicio e os seus aspectos significativos son:**

A Fundación pecha o exercicio 2015 cun resultado positivo por importe de 95.724,32 €.

#### **3.2. Proposta de aplicación do excedente:**

### **4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN**

#### a) Inmobilizado intanxible:

A partida recolle o importe total do deseño dunha páxina web, que comezou a amortizase neste ano, segundo as táboas de amortización contables, corresponde a este ano 2015 unha cota de amortización de 322,47 €.

#### b) Inmobilizado material

Non figura contabilizado ningún inmobilizado material.

#### c) Investimentos inmobiliarios:

Non figura contabilizada ningunha partida de investimentos inmobiliarios.

#### d) Ingresos e gastos:

<b>Cuenta de Pérdidas y Ganancias</b>		<b>2015</b>
4. Aprovisionamientos		<b>-67,23</b>
60200000 MATERIAL DE OFICINA		<b>-67,23</b>
5. Otros ingresos de explotación	107.692,50	
74000000 DONACIONES Y PATROC.MATER.CONGRES.	107.302,50	
75900000 INGRESOS DE CONGRESISTAS	390,00	
7. Otros gastos de explotación	<b>-11.107,92</b>	
62100000 ALQUILERES SALA REUNIONES	<b>-346,95</b>	
62200000 REDES SOCIALES	<b>-181,50</b>	
62300000 SERVICIOS PROFESIONALES INDEP.	<b>-5.484,56</b>	
62310000 SERV.PROFESIONALES PONENTES	<b>-800,00</b>	
62600000 SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARE	<b>-22,18</b>	
62710000 DIETAS CONGRESISTAS	<b>-4.152,32</b>	
62900000 OTROS GASTOS	<b>-105,80</b>	
63100000 TRIBUTOS Y TAXAS	<b>-14,61</b>	
8. Amortización de inmovilizado	<b>-322,47</b>	
68000000 AMORT.APPLIC.INFORMATICAS	<b>-322,47</b>	
13. Otros resultados	<b>-2.000,00</b>	
67800001 PREMIOS	<b>-2.000,00</b>	
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN</b>	<b>94.194,88</b>	
14. Ingresos financieros	1.561,64	
b) Otros ingresos financieros	1.561,64	
76900000 OTROS INGRESOS FINANCIEROS	1.561,64	
15. Gastos financieros	<b>-32,20</b>	
66240000 INTERESES IMPOS.PLAZO	<b>-32,20</b>	
<b>B) RESULTADO FINANCIERO</b>	<b>1.529,44</b>	
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS</b>	<b>95.724,32</b>	
<b>D) RESULTADO DEL EJERCICIO</b>	<b>95.724,32</b>	

## 5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.

### 5.1. Movemento:

O movemento de cada unha destas partidas, durante o exercicio, foi o seguinte:

	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo final
Inmobiliado material				
Inmobiliado intanxible	1.441,84	1.739,25	3.181,09	
Investimentos inmobiliarios				
TOTAIS	1.441,84	1.739,25	3.181,09	

## **9. FONDOS PROPIOS**

O saldo desta partida é de 200.000 euros, e procede da dotación fundacional por parte da socia fundadora Dona Pilar Gallego Domínguez.

## **10. SITUACIÓN FISCAL**

### **10.1. Imposto sobre beneficios**

O réxime fiscal aplicable á entidade é o réxime especial de entidades parcialmente exentas.

### **10.2. Outros tributos**

Na partida doutros tributos recóllesen as taxas para a legalización de libros, para cumprir coas súas obrigas.

## **11. INGRESOS E GASTOS**

Na conta de Perdas e Ganancias, exposta no apartado d) desta memoria recóllense as diferentes partidas de Ingresos e Gastos do presente exercicio 2015.

## **12. SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS**

Nesta partida recóllense ademais das doazóns de Pilar Gallego por importe de 107.000 €, un importe de 302,50 euros por parte do Patrocinio Material Congresista.

	Saldo inicial	Entradas	Saídas		
				Imputado a resultados	Saldo final
Subvencións					
Doazóns	200.000	107.000			307.000
Legados		302,50		302,50	302,50

## 15. OUTRA INFORMACIÓN

Xuntamos o balance de situación da fundación:

<b>Balance de Situación</b>	
Período: de Enero a Diciembre	
Fecha: 31/12/2015	
Activo	2015
<b>A) ACTIVO NO CORRIENTE</b>	<b>2.858,62</b>
I. Inmovilizado intangible	2.858,62
2060 APPLICACIONES INFORMÁTICAS	3.181,09
2806 AMOR. ACUM. APPLICAC. INFORMÁT.	-322,47
V. Inversiones financieras a largo plazo	0
<b>B) ACTIVO CORRIENTE</b>	<b>292.781,84</b>
III. Deudores comerciales y otras cuentas a cob.	304,52
3. Otros deudores	304,52
4730 HP, RETENCIONES Y PAGOS CUENTA	304,52
VII. Efectivo y otros activos líquidos equival.	292.477,32
5720 BCOS E INS.CRÉD. C/C VIS.,EURO	292.477,32
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>295.640,46</b>

## **Balance de Situación**

**Período: de Enero a Diciembre**

**Fecha: 31/12/2015**

Pasivo	2015
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>295.038,04</b>
A-1) Fondos propios	295.038,04
I. Capital	200.000,00
1. Capital escriturado	200.000,00
1010 FONDO SOCIAL	200.000,00
V. Resultados de ejercicios anteriores	-686,28
1210 RDOS NEGATIVOS EJS. ANTERIORES	-686,28
VII. Resultado del ejercicio	95.724,32
<b>C) PASIVO CORRIENTE</b>	<b>602,42</b>
V. Acreedores comerc. y otras cuentas a pagar	602,42
1. Proveedores	67,23
b) Proveedores a corto plazo	67,23
4000 PROVEEDORES (EUROS)	67,23
2. Otros acreedores	535,19
4751 HACIENDA PÚBLICA, ACREDORA P	535,19
<b>T O T A L   P A T R I M O N I O   N E T O   Y   P A S I V O</b>	<b>295.640,46</b>

No pasivo do Balance, na partida de Acredores recóllense uns saldos pendentes de dúas facturas de material de oficina, de Porven e Mara Papel, aboadas polo presidente, que estaban pendentes de reintegrárllelas o día 31/12/2015.

E na partida da Facenda Publica, recóllense as retencións descontadas no pago aos profesionais, e aboadas á Facenda Publica no primeiro trimestre do 2016, en abril, xa pagadas neste momento a través da conta bancaria.

A Coruña, 28 de Abril de 2015

O secretario

Gabriel Quiroga Barro

Vº e prace

Pedro López Gómez

O secretario

Visto e prace: o presidente